

**ARTIGO 9º.—INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación do 1 ao 5 de cada mes.

**ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Arbo, a 6 de marzo de 2013.—O Alcalde, Xavier Simón Fernández.

**2013002498**

\* \* \*

**O GROVE****EDICTO**

Doña Marta Lores Aguín, solicitou licenza municipal de actividade para instalación e apertura dun bazar, que se situará na rúa Castelao nº 29 (Expte. 166/12). En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

**2013002538**

\* \* \*

**A ILLA DE AROUSA****ANUNCIO**

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada en data 07 de marzo de 2013, acordou a aprobación das Bases reguladoras da Caixa de Financiación Local que se transcribe a continuación:

**“BASES REGULADORAS CAIXA DE FINANCIAMENTO LOCAL 2013****1.—FUNDAMENTO.**

A creación da Caixa de Financiamento Local fundaméntase na posibilidade de dotar de liquidez ás diferentes asociacións e organizacións de produtores de ámbito económico con sede social e fiscal na Illa de Arousa, en difícil situación económica derivada da crise económica internacional na que se atopa a sociedade na actualidade, o que lles ocasiona problemas de cara á obtención de financiación por parte das entidades bancarias ca que facer fronte ós diferentes compromisos adquiridos ou que se pretenden adquirir no futuro e que favorezan o desenvolvemento das súas actividades.

**2.—OBJECTO.**

A través da Caixa de Financiamento Local establécense un conxunto de medidas que, con carácter extraordinario e a corto/medio prazo, se destinan a favorecer a obtención de liquidez por parte das diferentes asociacións e organizacións de produtores de ámbito económico con sede social e fiscal na Illa de Arousa, liquidez que necesitan para o normal desenvolvemento das súas actividades, ca obriga de reembolso dos créditos concedidos no prazo que se acordará en cada caso, sen liquidación de ningún tipo de intereses, salvo o previsto na Base 12ª en sede de reintegro das axudas.